

Teatro

Cómo editar dramaturxia

Nova colección para o teatro do Centro Dramático

Malia que a edición teatral galega contemporánea non deu para moitos motivos de satisfacción nas últimas décadas, empresas coma Laiovento, que amais hoxe nos permite unha verdadeira descarga de palenque, veu discretamente configurando un ambicioso catálogo dramático de costas a unha insuficiente ou inexistente política teatral. Axiña lles xustificarei esta miña alxueirada.

Unha nova colección, dirixida por Francisco Pillado e a directora do Centro Dramático Galego (CDG) venen a normalizar, dignificar oficios e optimizar recursos en relación coa arte dramática. Escena Aberta parece substituír aquel querido diario das montaxes pasadas chamado Os libros do CDG, luxosa tarxeta de presentación dun teatro crionizado por aquela Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo. Pero fronte ás versións, estampas, debuxos, discursos oficiais e outros condumios en papel enciclopédico, a tradución de obras da dramaturxia universal

ficaba á beira. Se outorgándolle o papel lóxico e necesario aos servizos lingüísticos, como semella ser a liña da actual dirección do CDG, se fomenta o crecemento de importantes iniciativas empresariais coma Rosetta –habitual nos traballos últimos da compañía–, coa publicación de orixinais e/ou traducións vírase dun teatro que mira para o embigo para fitar en multiperspectiva: educativa, sectorial, competitiva, etc.

Escena Aberta substitúe aquel querido diario das montaxes pasadas, carta de presentación de luxo dun teatro crionizado

Escena Aberta ofrécenos, nos seus primeiros lanzamentos, un clásico do século XX, *O regreso ao deserto*, de Koltès –con tradución de Fernando Moreiras– e unha adaptación dramaturxica de Pau-

la Carballeira para contacontos ou narración oral: *A cabana de Babaigá*, creación elaborada a partir dun conto tradicional eslavo.

A derradeira obra que Koltès escribiu e viu representada, ademais de ser unha das máis autobiográficas supón un dos maiores exemplos de canonización de textos da dramaturxia universal con apenas dúas décadas de existencia. Como fondo histórico a guerra de independencia de

e Adrien, chegando a tons farsescos de violencia física. E é que n'*O regreso ao deserto* o lector descubrirá que, malia ser a única obra do autor con espazo e tempo concretos, posúe unha serie de elementos simbólicos como a estrutura externa–horaciana mais con nomenclaturas que marcan as diversas horas do rito musulmán: Sobh, Zohr, 'Ichâ, etc–, a raza negra –trazo característico e omnipresente na súa obra–, os xemelgos Rómulo e Remo que nacen ao final da peza como símbolo da nacemento dunha nova era de mestizaxe do ventre de Fátima –exposta no xardín de altos muros á caída de militares desexosos de mulleres– ou a presenza fantasmal da asasinada primeira muller de Adrien. Elementos que xunto coa ironía, o engano, a repetición de palabras nas escenas de réplicas salfiren do que poden ter de realismo a unha obra que foxe precisamente diso ou, mellor dito, do unitarismo, sen negar ningún elemento de expresión: monólogos ao público, combinación de humor lóxico con reaccións ilóxicas ou inesperadas dos personaxes, reflexións universais sobre a patria con personaxes que reflicten un treito da historia, das culturas, etc.

A cabana de Babaigá, pola súa banda, comproba a multitude de elementos que configuran as fontes do texto dramático. Aquí é un

conto eslavo para a infancia que amosa o medo como reto, non como ameaza ou castigo, senón como obstáculo a derribar para o logro da felicidade –o remate da bruxa da cabana dende a intelixencia e a bondade dunha afoutada moza chamada Natasha–. No texto a autora outórgalle un papel importantísimo e concreto ao acompañamento musical (Chaikovsky, Rachmaninov, Mussorgsky, etc.) e, na narración, á posta en común das relacións interculturais dos pobos eslavos e galego.

O espectáculo supuxo a entrada no teatro institucional da xente que, como di a autora, vive do conto. A edición da dramaturxia, unha fonte inesgotable. Eu xa estou a recompilar a música para lle preparar unha lectura dramatizada ao meu futuro sobriño. // **Roberto Pascual**

A cabana de Babaigá ·

Paula Carballeira ·

IGAEM-Laiovento, 2008 ·

39 páx · 15 euros



O regreso ao deserto ·

Bernard Marie Koltès ·

IGAEM-Laiovento, 2008 ·

127 páx · 12 euros

